



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA

INSTRUCCIÓN N°1/2016, do 21 de xaneiro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aclara a forma de acreditar o requisito de ingresos das unidades familiares a efectos do previsto no artigo 5.1.e) da convocatoria de axudas dirixidas as ANPAS para a realización de actividades extraescolares para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral no curso escolar 2015-2016.

No Diario Oficial de Galicia, nº 248, do 30 de decembro de 2016, publicouse a Resolución do 28 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a realización, polas asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o curso escolar 2015/16 (corrección errores: DOG nº 11, do 19 de xaneiro de 2016).

No seu artigo 5.1.e) establecécese que "só se terán en conta ás alumnas e alumnos participantes pertencentes a unidades familiares con ingresos non superiores a 6,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o ano 2015, límite que se incrementa nun 15% máis cando se trate de familias monoparentais ou de familias numerosas.

No artigo 15.3.h) recóllese que "para efectos do previsto no artigo 5.1.e) respecto dos ingresos da unidade familiar, deberán presentar a declaración do IRPF de 2014 das unidades familiares ou certificación dos ingresos percibidos nesa anualidade emitida pola AEAT. No caso de estar exentas, certificación acreditativa desta circunstancia emitida pola AEAT".

Na disposición derradeira primeira dise que "a Secretaría Xeral de Igualdade ditará as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta resolución".

Na súa virtude, en atención á previsión do número de unidades familiares que teñen que achegar a documentación acreditativa dos ingresos, en aras da simplificación e para facilitar ás ANPAS a presentación e xustificación destas axudas, dítase esta instrución relativa a aclaración da forma de acreditar os ingresos das unidades familiares, segundo o seguinte:

1º.- Para acreditación do dito requisito de ingresos, o artigo 15.3.h) prevé a presentación da declaración do IRPF ou a presentación da correspondente certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).

Debe entenderse que as ditas certificacións poden ser solicitadas por unha dobre vía, ben directamente polas unidades familiares ou ben a través da Secretaría Xeral da Igualdade, previa autorización expresa das persoas da unidade familiar para a consulta e obtención telemática das certificacións da AEAT do último período impositivo con prazo de presentación vencido (2014).

Para o caso de non autorizar a consulta, para acreditar o cumprimento do referido requisito deberá achegarse a correspondente documentación xustificativa.

2º.- De optarse por autorizar a Secretaría Xeral da Igualdade para a consulta destes datos, deberá utilizarse obrigatoriamente o modelo publicado na paxina web <http://igualdade.xunta.es>.

Tanto a autorización ou, no seu caso, a documentación xustificativa dos ingresos deberá achegarse a través da ANPA, a efectos da súa incorporación ao expediente administrativo.

3º Esta instrución, así como o modelo de autorización, publicarase na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade: <http://igualdade.xunta.es>.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2016

A secretaría xeral da Igualdade

Susana López Abella